


O Consello Escolar de Galiza rexeita todas as emendas presentadas pola CIG-Ensino ao Decreto galego de FP

O sindicato nacionalista presentou unha emenda á totalidade (sobre todo pola introdución das novas figuras de persoal experto da empresa como docentes) e 36 ao articulado, dun total de 74 suxeitas a votación.

A secretaria nacional da CIG-Ensino, Laura Arroxo, interpelou á directora xeral de FP, María Eugenia Pérez, sobre o caos que está sendo este inicio de curso nestas ensinanzas e lembroulle a negativa da Consellaría a retrasar comezo ao 15 de setembro, tal e como lle pediu o sindicato. Neste sentido citou os erros que está a dar a aplicación Proens para elaborar as programacións e a improvisación de comezar a impartir o novo módulo de Afondamento nas competencias profesionais sen tempo para elaborar o seu currículo. Ademais criticou a Consellaría por desatender a petición de retirar este proxecto de Decreto e iniciar de novo a súa negociación porque “vai significar a fin da Formación Profesional”.

A CIG-Ensino foi, das 9 entidades que conforman o Consello Escolar de Galiza, a que presentou máis emendas ao Proxecto de Decreto polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo galego, un total de 36 ao articulado e unha emenda á totalidade na que se pedía a retirada do proxecto e a negociación desde cero “esta vez si contrastada co profesorado” dun novo texto.

Para o sindicato maioritario no ensino público unha norma que vai substituír o Decreto de 2010 e desenvolver a xa de por si lesiva lexislación estatal que reformou a FP non pode ser aprobada tal cal está formulada “por ser un ataque ao profesorado, o verdadeiro artífice do prestixio social que acadaron estas ensinanzas nos últimos anos”.



ENTIDADE OU INSTITUCIÓN	emenda	recomendación	total
FEDERACIÓN DE CENTROS DE ENSEÑANZA PRIVADA	1	1	2
FEDERACIÓN GALEGA DE MOVEMENTOS DE RENOVACIÓN PEDAGÓGICA	3	2	5
ANPE GALICIA SINDICATO XESTIÓN	3	3	6
FEDERACIÓN DE CENTROS EDUCACIÓN E XESTIÓN	1	14	15
SECRETARÍA XERAL DA LINGUA	1	1	2
UGT GALICIA	1	1	2
CIG ENSINO	8	2	10
CCOO ENSINO	1	1	2
CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA	1	1	2
TOTAL	36	38	74

Na súa emenda á totalidade a CIG-Ensino argumenta que desde o punto de vista sindical este proxecto é totalmente rexeitábel por **implicar unha redución do persoal docente, un empeoramento das súas condicións laborais, o incremento feroz da privatización destas ensinanzas e un empeoramento moi relevante da formación do alumnado.**

“A Consellaría laméntase de que a reforma da FP estivo moi mal deseñada polo Ministerio pero as súas decisións non fan máis que empeorar a normativa estatal. A primeira delas, elevar ao máximo o tempo de formación na empresa cando a dual intensiva está a ser un fracaso e hai moitos ciclos que este ano ou ben non obtiveron matrícula suficiente para implantarse ou ben tiveron que deixar de ofertarse en primeiro ou ben o propio alumnado decidiu cambiar á dual xeral, mesmo deixando de cobrar”, sinalou Laura Arroxo. “Mentres

isto acontece -destacou- **queda moito alumnado en listaxe de espera no réxime dual xeral, e empresas, academias, fundacións e demais entidades privadas lánzanse á caza desas matrículas** porque mentres dure o diñeiro de Europa hai que facer negocio, coa venia da Consellaría”.

A segunda decisión tamén criticada pola CIG foi a redistribución dos módulos e do seu horario dentro dos ciclos, **deixando para segundo curso as 500 horas de formación na empresa obrigatorias, colocando tres dos novos módulos tamén en segundo** (Dixitalización e os dous optativos de Habilidades e Afondamento) e **duplicando a oferta de inglés a respecto do que establecía o currículo básico estatal.**

“Temos indicado en reiteradas ocasións que a Formación Profesional non está para solventar o coñecemento do inglés do seu alumnado e que cando este idioma é unha ferramenta de traballo xa ten entidade de módulo profesional. O alumnado de CM e CS pode complementar a súa formación en idiomas estranxeiros, non só en inglés, nas EOIs, sen necesidade de que se lle detraian 5 horas semanais en todos os ciclos aos módulos profesionais. Con todos os novos módulos que a Consellaría decidiu incorporar **apenas a metade das 2000 horas dos ciclos se van a destinar a módulos profesionais impartidos nos centros educativos**”, sinalou como crítica á actuación da Dirección Xeral de FP. A nivel práctico isto estase traducindo nunha “secundarización da FP” con moitos máis módulos de menos horas o que fai que cada docente poida impartir até un total de 10, algo insólito até agora neste nivel educativo.

A privatización chega ás entrañas da FP: ataque directo ao docente profesional

Mais sen dúbida o tema que centrou máis as

emendas ao articulado do proxecto de Decreto foron as **tres novas figuras, unha delas a maiores das contempladas no RD estatal 659/2023, que permiten que profesionais do sector privado poidan impartir docencia nos centros públicos sen requisitos de titulación específica nin de formación pedagóxica e nin sequera pasando un proceso de contratación pública**, senón que poderán ser propostos directamente polas direccións dos centros. En opinión do sindicato nacionalista “a FP non pode ser nin o retiro dourado de profesionais das empresas nin o contexto para devolver favores”. Finalmente **todas as emendas da CIG-Ensino foron rexeitadas polo resto de membros do Consello Escolar, que ou ben votaron en contra ou se abstiveron.**

O caos de inicio de curso

Arroxo aproveitou a presenza da directora xeral de FP para afearlle que non atenderan a petición de retrasar o inicio de curso até o día 15 porque “tal e como e se prevía cos cambios que se introducen era imposible ter todo preparado para o día 8. A día de hoxe -engadiu Arroxo-, aínda hai problemas cos horarios, a aplicación Proens está a dar erros, non hai currículo para o módulo optativo de Afondamento nas competencias profesionais, o prazo de matrícula permanecerá aberto até o día 26 polo que até o 29 poderá incorporarse novo alumnado, hai moito profesorado sobre todo de inglés que se incorpora ás ensinanzas de FP e non ten os recursos suficientes para afondar nos distintos sectores produtivos, non hai ningún material elaborado en galego dos novos módulos de IPE II e Dixitalización...” En definitiva “prevese un curso moi convulso na FP cun profesorado farto de burocracia e de prestarse aos intereses privatizadores da Consellaría e das empresas, de ter que estar pendente da dual intensiva en agosto, de formarse pola súa conta e nos seus períodos vacacionais e un longo etécetera de esixencias a cambio de cero recoñecemento”, sentenciou.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal